



**XUNTA
DE GALICIA**



**UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"

galicia

ANUNCIO PARA PRESENTAR OFERTAS PARA O CONTRATO MENOR "CREACIÓN, PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ROTEIROS DE ARTE RUPESTRE COMA CONXUNTO CULTURAL"

O día 15 de setembro de 2014, asinouse o convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras de Pontevedra dos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Ponte Caldelas, Vilaboa, Cotobade e Campo Lameiro para a realización de actividades de promoción do turismo na comarca de Pontevedra cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2007/2013, TP 5.57.5.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidade Terras de Pontevedra para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do turismo que incluía a realización dunha serie de actuacións. Entre esas estaba a necesidade de crear, promocionar e comercializar roteiros de arte rupestre coma conxunto cultural. Esta actuación aparece recollida no anexo I do convenio, como actividade que subvenciona a Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia con cargo a aplicación 04A2.761A.760.03, dotada con fondos Feder ao 80% e FCI ao 20 %.

Ante a falta de recursos propios da Mancomunidade, preténdese contratar a actuación citada, por un prezo de 21.000,00 euros (IVE incluído). Por razón do importe, tratase dun contrato menor (138.3 do TRLCSP), e polo tanto podería adxudicarse directamente sen licitación nin invitar a ningunha empresa. Non obstante, como medida de transparencia preténdese abrir un prazo durante o cal os empresarios interesados poidan formular ofertas para resultar adxudicatarias deste contrato. O prazo comezará a contar a partir do día seguinte a publicación deste anuncio na páxina web da Mancomunidade Terras de Pontevedra (<http://www.terrasdepontevedra.org/es/>).

As condicións do contrato que pretende adxudicar a Mancomunidade e para poder presentar ofertas son as seguintes:

A- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do contrato é a "CREACIÓN, PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE ROTEIROS DE ARTE RUPESTRE COMA CONXUNTO CULTURAL"

O contrato inclúe como prestacións propias as seguintes:

1. Creación de "Roteiros de Arte Rupestre" coma conxunto cultural que incluía o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre Campo Lameiro e as áreas arqueolóxicas de A Caeira, Mogor e Tourón, así como outros restos do resto de concello da mancomunidade.
2. Difusión entre colectivos, especialmente entre os escolares e persoas maiores.
3. Difusión entre os colectivos con mobilidade reducida, complementado os traballos xa realizados nesta materia por parte da mancomunidade Terras de Pontevedra.
4. Visitas guiadas e obradoiros a cada un dos xacementos dos concellos membros da mancomunidade Terras de Pontevedra.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

5. Realización dunha campaña especial en medios especializados de toda España, así coma entre os colectivos xa especificados anteriormente.
6. Finalmente deberá incluír unha proposta de oferta periódica de transporte dentro o centro de Pontevedra, enlazando os diversos puntos de interese. A xestión deste servizo poderá ser ofrecida por una axencia de viaxes, por unha empresa de transporte ou directamente por un dos parques de arte rupestre da mancomunidade, e sempre có obxectivo de que o devandito servizo se manteña no tempo.

B- EMPRESARIOS QUE PODEN FORMULAR OFERTAS PARA SER ADXUDICATARIOS DESTE CONTRATO.

Os empresarios que poden presentar ofertas deben posuír capacidade de obrar, contar con habilitación profesional necesaria para realizar as prestacións do contrato e non estar incursos en prohibición de contratar. A entidade que formule a mellor oferta pediráselle a documentación que se solicita en todos os contratos menores para poder adxudicarlle o contrato (declaración xurada)

C- VALOR ESTIMADO E PREZO.

O valor estimado do contrato é o importe total, sen incluír o IVE, pagadoiro segundo as estimacións do órgano de contratación. O valor estimado fíxase atendendo aos prezos habituais do mercado (artigo 88 do TRLCSP).

O valor estimado do contrato fíxase en 17.355,37 euros. O prezo do mercado polo contrato de servizos ascende a cantidade de 21.000 euros, IVE incluído (17.355,37 euros mais 3.644,63 euros).

D- DURACIÓN.

A duración do contrato de servizos será de 1 mes a contar desde a data de adxudicación do contrato.

E- PRAZO E LUGAR PARA PRESENTACIÓN DE OFERTAS POR PARTE DOS EMPRESARIOS

Os empresarios que estean capacitados para realizar o obxecto deste contrato disporán dun prazo de 7 días hábiles a contar desde a publicación deste anuncio na páxina web da mancomunidade para formular a súa oferta para ser adxudicatarios deste contrato.

As ofertas deberán ser presentadas necesariamente no rexistro de entrada da Mancomunidade, sita na Secretaria do Concello de Pontevedra, na rúa Michelena 30, primeiro andar, CP 36071, Pontevedra.

As ofertas presentaranse mediante un escrito do empresario no que indique:

- Os datos persoais do asinante. Nome e apelidos e NIF.
- A denominación da entidade que formula a oferta, xunto coa indicación do seu NIF.
- Enderezo da entidade que formula a súa oferta.



XUNTA
DE GALICIA



galicia

- FAX da entidade ofertante.
- Teléfono de contacto.
- Email.

No escrito en que formule a oferta deberá indicar o prezo, debendo desglosar o IVE, e que está disposto a realizar o obxecto do contrato.

F- CRITERIOS PARA ADXUDICAR AS OFERTAS.


O criterio para adxudicar as ofertas será o do prezo máis baixo.

Non obstante, se a oferta económica é inferior en máis dun 10 % do prezo do contrato, solicitarase ao licitador que oferte o prezo máis baixo que xustifique a viabilidade da oferta, nun prazo de dous días hábiles. De considerarse que a oferta non pode ser cumprida a vista do informe técnico que se emitirá ao respecto, adxudicarase o contrato a seguinte mellor oferta sempre que sexa viable. Se esta é inferior en máis dun 10% do prezo do contrato procederase de igual maneira que coa mellor oferta e así sucesivamente co resto das ofertas presentadas.

G.- FINANCIACIÓN DO CONTRATO.

O presente contrato esta financiado na súa totalidade polo convenio citado anteriormente, e en concreto pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Turismo de Galicia con cargo a aplicación 04A2.761A.760.03, dotada con fondos Feder ao 80% e FCI ao 20 %. En consecuencia, a súa execución non compromete a capacidade da Mancomunidade para facer fronte os gastos actuais da Mancomunidade.

Pontevedra, 15 de outubro de 2014.


Conforme Carlota C. Román García
Concelleira de Promoción Económica, Emprego e Turismo de Pontevedra
Membro da Mancomunidade por delegación do presidente

